

ROGO DE AER SOBRE ASUNTOS SOCIAIS

PLENO 4 OUTUBRO 2012. ACTA 16/2012

Tendo o precedente do ocorrido respecto das axudas-subvencións do Departamento de Participación Cidadá, das que tivemos noticia polo BOP, tanto das bases, como dos procedementos e da constitución do tribunal; rogámosles que, canto antes, procedan a informar aos grupos do pleno sobre as da área de Asuntos Sociais.

Cuestións como cando pensan, si pensan, proceder a convocalas, como pensan artellar as bases e/ou criterios de adxudicación, ou cal é o presuposto destinado a esas axudas.

Ademáis destas cuestións, rogámoslles tamén que se proceda a unha análise das instalacións municipais para facilitar a determinados colectivos unha sede, incluso compartida, que lles facilite o súa labor.